


EUROPE DIRECT A Coruña e a Biblioteca Provincial da Coruña celebran o Día das Autoras e Autores Europeos cun encontro con catro premios nacionais de literatura

24/03/2023 Redacción A Coruña

Deja un comentario



O encontro terá lugar o luns 27 de marzo ás 18.30 horas na Biblioteca Provincial da Coruña

O centro EUROPE DIRECT A Coruña e a Biblioteca Provincial da Coruña celebran o primeiro Día das Autoras e Autores Europeos cun encontro literario no que participarán varios **escritores e escritoras galegos que recibiron premios nacionais de narrativa e poesía** nos últimos anos.

A charla contará coa voz dos premios nacionais de Poesía Joven Miguel Hernández de 2020, que recibiu **Alba Cid** pola súa obra Atlas, e de 2022, **Ismael Ramos**, que obtivo a distinción polo poemario Lixeiro. Como premios nacionais de Narrativa, estarán presentes

Marilar Alexandre, que o pasado ano acadou con As Malas Mulleres o galardón do Ministerio de Cultura, e **Xesús Fraga**, premiado en 2021 pola súa novela Virtudes (e misterios). O deputado delegado de Economía e Facenda da Deputación da Coruña, Antonio Leira, será o encargado de abrir o acto.

A conversa terá lugar o **luns 27 de marzo ás 18.30 horas** na sala Manuel López da Biblioteca Provincial da Coruña (rúa Rego de Auga, 37, A Coruña). A entrada é libre ata que se complete o aforo da sala.

O encontro **Día das Autoras e Autores Europeos** versará sobre lectura, libros e diversidade da literatura europea nunha conversa conducida por Patricia Cernadas, especialista en Literatura e coordinadora dos talleres de literatura da Biblioteca Provincial de A Coruña. Así, a charla abordará a relevancia dos premios, a tradución de obras, o público novo e a relación entre a literatura e as redes sociais, entre outros temas.

O Día Europeo das Autoras e Autores, que celebra por primeira vez neste ano, é unha iniciativa da Comisión Europea para conectar ás xeracións máis novas coa lectura e coa diversidade da literatura europea.

Pódese atopar máis información do encontro **na web**. Tamén é posible contactar con EUROPE DIRECT A Coruña a través do correo electrónico **europedirect@dacoruna.gal**



Categoría: A CORUÑA, Literatura Etiquetas: biblioteca a coruña, Europe Direct A Coruña, literatura

« A Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo, Kv2211, abre as festas da Reconquista DESDE LOS CANTONES. El envejecimiento de la población gallega supera todas las previsiones. Por Celso Ferreiro Cobas »

Deja una respuesta

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

Comentario *

Nombre *



Correo electrónico *

Web

Publicar el comentario

tlfno.: 981236050 Fax: 981236050
jmdvabogado@icacor.es
Móvil: 636360765

Twitter

Tweets de @21NoticiasCom

Seguir



21Notic... @21NoticiasCom · 4min

ATME no asistirá hoy al 1er Pleno del COPERFAS de 2023, por la reiterada inacción de Defensa ante los grandes problemas que afectan a los militares 21noticias.com/2023/03/atme-n-...




21Noticias @21NoticiasCom · 9h

O 2 de abril Guido Guía organiza o paseo #RedescubriendoViveiro con Guido Guía e Boris Villar 21noticias.com/2023/03/o-2-de-...



SOLO!



GISVA S.A.
Polígono de Sabón, parcela 146
15142 Arteixo (La Coruña)
Email gisva@gisva.com

En tu
hogar
desde
1970

gisva
CÁRNICAS GALLEGAS

Tel. +34 981 600 065
+34 981 602 551

Diseño Sofá
TRESILLOS
SOFÁS
COLCHONERÍA

¡Sofás con vida!
FABRICACIÓN
PROPIA Y A MEDIDA

**SOFÁS DE DISEÑO A LA ALTURA DE
SU CASA**

En: Polígono Muelle Veneza 10000 - La Coruña, 15141 Viveiro (La Coruña)
981 24 1331

LQUIGAL
981 623 009
info@lquigal.com
RICARDO
De lunes a viernes
de 8:00h a 12:00h y de 15:00h a 18:30h

LQUIGAL
SERVICIO TÉCNICO
981 113 359
De lunes a viernes: 10:00h a 18:00h

